



1856 - CENTENARIO DO HISTORICO BANQUETE DE CONXO - 1956

PRIMEIRO CONGRESO DA EMIGRACION GALEGA

COMISION ORGAIZADORA

BELGRANO 2186
T. E. 47 - 7064

Buenos Aires, 8 de Xunio de 1956

Sr. Don.
César Alvajar
Rue D'Assas 78(6)
PARIS

Distinto coterraneo:

Prácenos poñer no seu coñecimento da empresa patriótica que xa está orgaizada por esta Comisión.

Trátase d'un Congreso da Emigración Galega en América, a levarse a cabo do 21 ao 31 de Xulio próisimo n'esta Capital. Viran delegacións de Nova York, Habana, Puerto Rico, México, Venezuela, Brasil, Chile e do Uruguay. Promete ser todo un éxito, tanto pol-as institucións como pol-as persoalidades que colaborarán n'esta Xuntanza dos emigrados do novo continente.

Esta Comisión Orgaizadora faise un honor en invitalo a vostede a colaborar, enviando algunha poñencia, daccordo o Temario que acompañamos a ésta.

Ademáis, quedaríamos lle moi agradecidos si vostede vira en esa cibdade algunha outra persoa que desexara colaborar n'este histórico Congreso. As poñencias deben estar eiquí entre o 10 eo 15 do mes entrante.

Sin otro motivo, e descontando a sua valiosa colaboración, aproveitamos o intre pra saudalo co'a nosa máis cordial e distinta consideración.-

Pol-a Comisión Orgaizadora

Francisco Regueira
Francisco Regueira
Segredario Xeral

Mandel Puente
Mandel Puente
Presidente

